

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

5441 REAL DECRETO 275/2007, do 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar. («BOE» 64, do 15-3-2007.)

O artigo 10.1 da Constitución española proclama que a dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social. A aprendizaxe e o exercicio destes valores deben ter o seu reflexo desde os primeiros anos do desenvolvemento da persoa cando se constrúen as bases que determinan, en boa medida, a personalidade futura do ser humano. No ámbito escolar estes principios débense traducir nunha convivencia ordenada, nun aprender a vivir cos demais, a respectar e asumir a igualdade das persoas, calquera que sexa a súa raza, a súa ideoloxía, o seu sexo ou a súa relixión.

As leis orgánicas que regularon o sistema educativo recolleron estas formulacións. Así e polo que respecta ao alumnado, xa a Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación incluía entre os fins da actividade educativa o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno e a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principios e fins da educación a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade e a cidadanía democrática, o respecto e a xustiza, así como a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica. Ademais, no seu artigo 121.2 establece que o proxecto educativo de cada centro debe recoller un plan de convivencia que deberá respectar os principios recollidos na lei e cuxo cumprimento se deberá garantir coas normas de organización e funcionamento do centro que a propia lei define.

A construción activa dun ambiente de convivencia escolar axeitado é unha responsabilidade que debe ser compartida e asumida por toda a comunidade educativa. O observatorio estatal que se crea neste real decreto como un órgano colexiado da Administración xeral do Estado, ten a misión, entre outras, de solicitar tanta información conste en poder das institucións, públicas e privadas, que están implicadas na mellora do clima escolar nos centros educativos para analizar situacións, facer diagnósticos e propoñer medidas que favorezan a convivencia escolar.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiu informe o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de febreiro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e natureza.*

1. Créase o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar como órgano consultivo adscrito ao Ministerio de Educación e Ciencia a través da Secretaría Xeral de Educación.

2. O observatorio é un órgano colexiado interministerial ao cal lle corresponde asesorar, baseado no princi-

pio de cooperación territorial e colaboración institucional, sobre situacións referidas á aprendizaxe da convivencia escolar, elaborar informes e estudos, facer un diagnóstico en materia de convivencia escolar, e propoñer medidas que axuden a elaborar as distintas políticas estatais, fomentando as actuacións que faciliten a mellora do clima escolar e a convivencia nos centros educativos.

Artigo 2. *Funcións.*

Serán funcións do observatorio:

- a) Actuar como órgano de asesoramento, análise e difusión de información periódica relativa á situación da convivencia nos centros escolares.
- b) Recoller e analizar información sobre medidas e actuacións postas en marcha desde as diferentes instancias, públicas e privadas, para previr, detectar e evitar as situacións contrarias á convivencia escolar.
- c) Difundir as boas prácticas educativas favorecedoras da convivencia escolar.
- d) Promover a colaboración entre todas as institucións implicadas en materia de convivencia escolar.
- e) Actuar como foro de encontro interdisciplinar entre organismos públicos e organismos privados respecto da aprendizaxe da convivencia escolar e da convivencia social.
- f) Formular propostas de actuación tendentes a mellorar a convivencia nos centros educativos e, en xeral, á consecución dos fins previstos no artigo 2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.
- g) Elaborar informes periódicos para o Consello Escolar do Estado e outras institucións sobre a evolución da convivencia nos centros educativos e para as medidas adoptadas para a súa mellora.
- h) Realizar cantas outras actuacións lle sexan encomendadas para o mellor cumprimento dos seus fins.

Artigo 3. *Composición.*

1. O observatorio terá a seguinte composición, na que se velará pola paridade entre homes e mulleres.

Presidente:

O ministro de Educación e Ciencia.

Vicepresidente:

O secretario xeral de Educación.

Vogais:

a) Catro en representación do Ministerio de Educación e Ciencia, con rango de director xeral ou nivel de subdirector xeral, nomeados polo ministro de Educación e Ciencia por proposta do secretario xeral de Educación.

b) Un representante por cada unha das comunidades autónomas que voluntariamente o acepten.

c) Un representante da Federación Española de Municipios e Provincias.

d) Doce en representación dos sindicatos docentes maioritarios no ensino, dos cales sete corresponderán ao sector público e tres ao privado, por proposta destes. Dous destes representantes serano do persoal non docente dos centros, designados en función da súa representatividade, por proposta dos sindicatos.

e) Cinco en representación das organizacións empresariais e titulares do ensino privado máis representativas, un dos cales o será en representación das cooperativas de ensino, por proposta destas.

f) Cinco en representación das confederacións e federacións de asociacións de pais e nais de alumnos e

alumnas de ámbito estatal, en función da súa representatividade, por proposta destas.

g) Cinco en representación das confederacións e federacións de asociacións de alumnos e alumnas de ámbito estatal, en función da súa representatividade, por proposta destas.

h) Ata oito personalidades de recoñecido prestixio entre especialistas que traballasen en materia de convivencia escolar, designadas polo ministro de Educación e Ciencia.

i) Un representante da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familia e Discapacidade.

j) Un representante da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración.

k) Un representante da Delegación Especial do Goberno contra a violencia sobre a muller.

l) Un representante da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

m) Un representante do Ministerio de Xustiza.

n) Un representante do Ministerio do Interior.

o) Un representante do Instituto da Xuventude.

p) Catro persoas en representación dos Defensores do Pobo de ámbito estatal e autonómico; unha das cales poderá ser designada en representación da institución do Defensor do Menor entre as comunidades autónomas que dispuxeren desta institución, designadas con carácter rotativo e renovación anual.

Secretario:

Un subdirector xeral ou cargo con nivel equivalente pertencente á Secretaría Xeral de Educación, nomeado polo ministro de Educación e Ciencia por proposta do secretario xeral de Educación.

2. Os nomeamentos dos vogais que deban ser propostos polas distintas entidades que se mencionan, serán efectuados polo ministro de Educación e Ciencia.

Artigo 4. *Funcionamento.*

1. Para o cumprimento das funcións atribuídas, o observatorio funcionará en pleno, en comisión permanente e en grupos de traballo.

2. O pleno estará composto pola totalidade dos membros que compoñen o observatorio. O seu mandato, para os que non pertencen por cargo desempeñado na Administración xeral do Estado ou autonómica, ou para os que non se establece outra cousa, terá unha duración de catro anos, que se entenderá prorrogado no tempo que diste entre a súa finalización e o nomeamento dos novos membros. Caso de ser deposto nas súas funcións na entidade que representan, esta propondrá un vogal polo tempo que ao cesante lle quedar por cumprir.

3. Ao pleno correspóndelle o exercicio das funcións establecidas no artigo 2 deste real decreto e aquelas outras cuestións que o presidente someta á súa consideración.

4. Correspóndelle ao pleno a elaboración e aprobación, por maioría simple, do regulamento de funcionamento do observatorio.

5. O pleno reunirse, cando menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria, e tantas veces como sexa convocado pola súa presidencia en sesión extraordinaria. O pleno emitirá a súa opinión sobre aquelas cuestións que sexan sometidas á súa consideración polo seu presidente.

6. A comisión permanente, que é o órgano executivo do observatorio, estará integrada polos seguintes membros:

O vicepresidente, que actuará como presidente dela.

Dous vogais, en representación do Ministerio de Educación e Ciencia, que serán designados pola presidencia do pleno.

Catro vogais, en representación das comunidades autónomas presentes no pleno, elixidos pola Conferencia Sectorial de Educación, que poderá establecer un sistema de rotación anual ou bianual entre aqueles.

Tres vogais elixidos por e entre os representantes dos sindicatos docentes.

Tres vogais de entre os membros do pleno especificados nos puntos c) i) j) k) l) m) n), o) e p) do artigo 3 deste real decreto elixidos polo pleno.

Dous vogais elixidos por e entre os representantes das confederacións e federacións de asociacións de pais e nais de alumnos e alumnas de ámbito estatal.

Dous vogais elixidos por e entre os representantes das confederacións e federacións de asociacións de alumnos e alumnas de ámbito estatal.

Dous vogais de entre as personalidades de recoñecido prestixio que compoñen o pleno, designados pola presidencia deste.

Dous vogais elixidos por e entre os representantes das organizacións empresariais e titulares do ensino privado.

7. A comisión permanente reunirse cando menos dúas veces ao ano con carácter ordinario, ou cando sexa convocada pola presidencia dela.

8. A presidencia do Observatorio poderá invitar a se incorporaren ás sesións do pleno, da comisión permanente ou dos grupos de traballo mencionados no artigo 10 persoas alleas que, pola súa experiencia ou coñecementos, poidan intervir con voz pero sen voto.

Artigo 5. *Funcións do presidente do Observatorio Estatal.*

Correspóndenlle ao presidente as seguintes funcións:

1. Ter a representación do Observatorio Estatal onde corresponda, actuando como voceiro.

2. Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do pleno e fixar a orde do día destas.

3. Presidir as reunións, dirixir e moderar o seu desenvolvemento.

4. Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos.

5. Resolver as cuestións de representatividade que se formulen.

6. Visar as actas e certificacións dos acordos.

7. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do Observatorio Estatal.

Artigo 6. *Funcións do vicepresidente do Observatorio Estatal.*

Correspóndenlle ao vicepresidente as seguintes funcións:

1. Substituír o presidente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade.

2. Convocar a comisión permanente e presidir as súas sesións.

3. Cantas funcións lle sexan delegadas polo presidente.

Artigo 7. *Funcións do secretario do Observatorio Estatal.*

Correspóndenlle ao secretario as seguintes funcións:

1. Asistir ás reunións do pleno e da comisión permanente, con voz pero sen voto.

2. Efectuar a convocatoria das sesións por orde do seu presidente, así como as citacións aos seus membros.

3. Confeccionar as actas das sesións.

4. Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.

5. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

Artigo 8. *Funcións dos vogais do Observatorio Estatal.*

Correspóndenlles aos vogais as seguintes funcións:

1. Asistir ás reunións e participar nos debates, expoñendo a súa opinión e formulando as propostas que consideren convenientes.

2. Proponer á presidencia, a través da secretaria, a inclusión de puntos na orde do día e formular rogos e preguntas.

3. Exercer o seu dereito ao voto e formular voto particular.

4. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Artigo 9. *Funcións da comisión permanente.*

Serán funcións da comisión permanente:

1. Asistir o presidente do Observatorio e o presidente da Comisión Permanente no cumprimento das súas tarefas.

2. O seguimento ordinario das funcións encomendadas ao Observatorio Estatal da Convivencia Escolar.

3. Velar polo cumprimento dos acordos adoptados polo Observatorio.

4. Coordinar os grupos de traballo.

5. Proponerlle ao presidente da Comisión Permanente os puntos ou temas que conveña incluír na orde do día.

6. Proponerlle ao presidente da Comisión Permanente e decidir relatores para a preparación de resolucións, recomendacións ou estudo de asuntos.

7. Proponerlle ao presidente do Observatorio os estudos, accións e medidas procedentes para o cumprimento dos fins do Observatorio.

8. Emitir os informes que solicite o presidente do Observatorio, o pleno ou o presidente da comisión permanente.

9. Encargar, por proposta do presidente da comisión permanente, os estudos e informes técnicos externos, necesarios para o cumprimento dos fins do Observatorio.

10. Cantos cometidos lle sexan delegados ou asignados polo pleno.

11. A comisión permanente dará conta ao pleno das actuacións que realice no exercicio das súas funcións.

Artigo 10. *Grupos de traballo.*

1. O pleno do Observatorio poderá acordar a creación, con carácter permanente ou para cuestións puntuais, de grupos de traballo, logo de aprobación da maioría dos seus membros.

2. Excepcionalmente a comisión permanente poderá acordar a creación de grupos de traballo, logo de aprobación da maioría dos seus membros.

3. O acordo de creación de cada grupo de traballo deberá especificar a súa composición, as funcións que se lle encomenden e, se é o caso, o prazo para a súa consecución.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Educación e Ciencia para ditar as normas e para adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Réxime xurídico.*

Nos extremos non previstos neste real decreto, haberá que aterse ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira terceira. *Gastos de funcionamento.*

O Ministerio de Educación e Ciencia atenderá con cargo ao seu orzamento ordinario os gastos de funcionamento persoais e materiais deste órgano colexiado. A dotación de persoal ao Observatorio realizarase a través da correspondente redistribución de efectivos do Ministerio, sen que iso poida supoñer incremento de postos e de retribucións.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

5444 *REAL DECRETO 307/2007, do 2 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 395/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira que opera con artes fixas e artes menores no Mediterráneo. («BOE» 64, do 15-3-2007.)*

Polo Real decreto 395/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen medidas de ordenación da frota pesqueira que opera con artes fixas e artes menores no Mediterráneo fíxanse as características técnicas dos buques e o período de actividade destes de cara a regular o esforzo pesqueiro.

No artigo 1 clasifícanse as artes fixas e artes menores tradicionalmente utilizadas no Mediterráneo. Na alínea e) do devandito artigo menciónanse as artes de trampa.

O goberno da Xeneralidade de Cataluña dirixiu ao Goberno do Estado un requirimento de incompetencia, ao amparo do disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, por considerar que o citado precepto vulnera as competencias da comunidade autónoma sobre o marisqueo.

Como queira que hai determinadas artes de trampa dirixidas, exclusivamente, á captura de crustáceos e moluscos, podería considerarse que, en determinadas circunstancias, o uso destas artes constitúe labores de marisqueo.

Á vista do anterior e co obxecto de non interferir na regulación de artes cuxa competencia puiden corresponder ás comunidades autónomas, procede modificar o real decreto mencionado.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados, e solicitouse o informe do Instituto Español de Oceanografía. Igualmente, cumpriuse o trámite de comunicación á Comisión Europea establecido no Regulamento (CE) n.º 1626/1994 do Consello, do 27 de xuño de 1994, polo que se establecen determinadas medidas técnicas de conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo.